

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1111KE	CON/17/2017	24-07-17 10:08

Número 72 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Innovación relativa á adxudicación do servizo de comunicación e xestión de incidencias para o Concello de Santiago de Compostela.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 21 de xullo de 2017, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 72 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE, CONVIVENCIA E INNOVACIÓN RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN E XESTIÓN DE INCIDENCIAS PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 5 de xullo de 2017, do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Innovación. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/553 de data 17.7.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Xan Duro Fernández, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e innovación, e presidente da mesa de contratación da licitación "Servizo de comunicación e xestión de incidencias para o Concello de Santiago de Compostela", conforme ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 23/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111KE	<i>E.pediente</i> CON/17/2017	<i>Fecha</i> 24-07-17 10:08

Primeiro: Con data 15 de xuño de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador GREEN TAL SA.

Segundo: Con data 4 de xullo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa GREEN TAL SA (CIF: A62313788), por un importe de **4.396 euros** (IVE aparte 21%: 923,16 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de Informática.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **010 92001 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 2.659'58 euros.
Anualidade 2018: 5.319'16 euros.
Anualidade 2019: 2.659'58 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "Servizo de comunicación e xestión de incidencias para o Concello de Santiago de Compostela", a favor da empresa GREEN TAL SA (CIF: A62313788), por un importe de **4.396 euros**, (IVE aparte 21%: 923,16 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111KE	<i>Expediente</i> CON/17/2017	<i>Fecha</i> 24-07-17 10:08

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de Informática.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 010 92001 22799, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 2.659,58 euros.

Anualidade 2018: 5.319,16 euros.

Anualidade 2019: 2.659,58 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

